

Johannes Kabatek (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart.* Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie, Bd. 276. Tübingen: Max Niemeyer. 434 p.

Acaba de aparecer publicada unha obra importante sobre lingua galega, que, como xa se ve na ficha bibliográfica, vén avalada polas mellores referencias. Por unha parte, Johannes Kabatek é xa un investigador que ten un nome nos estudos sobre a nosa lingua, tanto polas súas publicacións coma polas conferencias que ten dado en Galicia e fóra dela, nas que ten mostrado o seu amplo coñecemento da realidade lingüística de Galicia e a súa excelente formación investigadora. Por outro lado, este estudio aparece nunha das máis prestixiosas coleccións de lingüística no ámbito da Romanística. Dúas inmejorables garantías que avalan en primeira instancia este traballo.

Ó emprendérmo-la lectura decatámonos de que estamos sen ningunha dúbida ante un dos estudos máis relevantes sobre a lingua galega no terreo da sociolingüística. Como anuncia o subtítulo, ocúpase do estudio dos fenómenos de interferencia e de cambio lingüístico no galego moderno. Este é se cadra o aspecto que máis nos interesa de maneira inmediata e ó que se refiren un gran número de datos relevantes e de informacións que, a pesar dos anos xa transcorridos desde o comezo do actual proceso de estandarización do galego, son postas á luz por primeira vez nun estudio lingüístico. Así e todo, o obxectivo desta obra é máis xeral, e apunta a ilustrar e fundamentar a partir desta información de qué maneira os falantes interveñen, a través das súas análises e valoracións, na configuración da lingua que utilizan nas diferentes situacións comunicativas e, en última instancia, na lingua da súa comunidade.

A primeira parte ocúpase de explicita-los fundamentos teóricos; segue unha explicación da metodoloxía seguida, e en terceiro e último lugar aparece o estudio da lingua dos informantes e dos seus xuízos metalingüísticos. Completan o volume cinco apéndice nos que se inclúen os cuestionarios, os textos de lectura, os criterios de transcripción e, finalmente, os textos completos das entrevistas gravadas que o autor mantivo con trinta informantes, procedentes de dous grupos homoxéneos na súa formación e que teñen a lingua como instrumento de traballo e de reflexión: estudantes de filoloxía galego-portuguesa da Universidade de Santiago e redactores, locutores e presentadores da Radio Galega e da Televisión Galega. Nas entrevistas os informantes responden ás preguntas do autor sobre diversos aspectos lingüísticos, efectúan xuízos e apreciacións e explican a súa posición ante a variedade estándar do galego, así como sobre a súa propia lingua, sobre a lingua empregada nos medios, etc. Cada unha das entrevistas, presentadas como anónimas, vai precedida por unha sinopse biográfica (e moi especialmente da “biografía lin-

güística”) do informante, por observacións xerais sobre o ambiente no que se desenvolve a conversa e, sobre todo, por unha descrición (ás veces moi detallada) da lingua empregada polo informante durante a entrevista e unha valoración da súa competencia **lingüística**. Desta maneira o lector pode comprobar sen moito esforzo cales son as relacións entre biografía, competencia **lingüística** e actitude ante as diferentes variedades da lingua.

En realidade, o caudal de información contido nestes textos é tan grande e de tanto interese que un chega a pensar que pagaría a pena a edición deste libro aínda que non fose máis ca polos textos. En Galicia lévase discutido moito sobre problemas relacionados coa estandarización, pero como é sabido o debate centrouse de maneira case exclusiva en se o galego debía continuar coa constitución e definición dun estándar propio (un proceso xa iniciado no século XIX) ou se debía abandonalo e adopta-lo estándar portugués (reintegracionismo); en todo caso, e de maneira secundaria, tense discutido se neste ou naquel aspecto o galego debía adopta-las mesmas solucións do portugués ou buscar outras diferentes. Pero estes debates foron efectuados sobre informacións da historia da lingua, da dialectoloxía, da **lingüística** comparada, e en moitos casos sobre argumentos ideolóxicos, voluntaristas ou simplemente demagóxicos. Pero en todos estes anos ninguén chegara a reunir algunhas dúcias de persoas implicadas directamente na aplicación dese estándar nos medios de comunicación ou nas aulas para pedírle-la súa valoración como falantes e para estudia-la súa postura ante esa variedade en relación coa súa procedencia e coa súa competencia **lingüística**.

A análise e a interpretación dos datos extraídos das enquisas e das gravacións ocupan o capítulo terceiro. Aquí o autor estudia en primeiro lugar as biografías **lingüísticas** dos informantes e, de se-lo caso, os cambios que eles protagonizaron, a través das súas propias afirmacións e das xustificacións que eles mesmos ofrecen, dedicando unha atención particular ós “neofalantes” ou falantes de lingua materna española que adoptaron o galego como lingua habitual (p. 73-78). A seguir, e entre algunhas outras cuestións relacionadas, estúdiense as diferentes variedades que os falantes identifican, así coma as súas valoracións sobre elas, e en particular a lingua estándar, a lingua da radio e da televisión, o papel dos castelanismos, etc. (p. 78-88).

Entre outros aspectos de moito interese poderíamos destaca-lo desexo de “autenticidade” manifestado por varios dos informantes, que os leva a procurar achegarse á fala dos “maiores”, aínda cando esta se desvía da lingua historicamente máis pura ou da variedade estándar, mentres que as formas desta variedade que non son usuais na fala cotiá son índices de “galego aprendido”, e ó cabo “inauténtico” e “artificial” (V. p. 82-83). Ademais esas formas, incluso se son castelanismos, convértense para varios informantes nun factor de identificación **lingüística** cos falantes tradicionais das súas zonas de orixe (cfr. p. 83). Kabatek mostra como diferencian claramente o galego popular, que pode presentar abundantes castelanismos léxicos pero non na fonética nin na gramática, fronte ó “neogalego” (variedade falada polos novos falantes), que se caracteriza pola contra por non presentar (ou presentar menos) castelanismos léxicos, pero si abundantes castelanismos fonéticos e gramaticais (p. 84). Todo isto leva ós “neofalantes” a desenvolveren o que

Kabatek chama unha “técnica da autentificación por medio da castellanización” (p. 85), i.e., a procura dunha maior autenticidade a través da incorporación de castellanismos léxicos, o que nalgúns casos leva erroneamente a algúns falantes mesmo a introducir voces que non son comúns no galego falado, senón que se toman directamente do español.

Resulta tamén interesante a valoración xeral negativa da lingua da radio e da televisión, por estimarse demasiado castellanizada, artificial, etc., aínda que algúns profesionais (altamente castellanizados) deses medios tratan de defende-la súa produción **lingüística** como unha “locución distinta”, condicionada polos requirimentos do medio e da situación comunicativa. Iso contrasta coa consideración especialmente positiva que varios informantes teñen das variedades marcadas dialectalmente, da pronuncia ben afastada do español á que aspiran varios “neofalantes”, que din utiliza-los galegofalantes naturais como referentes á hora de incorporaren formas propostas polos planificadores.

Ocupan un lugar destacado a continuación os estudos centrados sobre aspectos particulares do sistema **lingüístico** do galego: o vocalismo (pp. 89-109), o consonantismo (109-125), o sistema verbal (125-140), cuestións de pronomes persoais (140-148), o artigo (148-152), e léxico (153-180).

No primeiro deles trata particularizadamente o problema da distinción das sete vocais tónicas e pretónicas do galego e, sobre todo, dedica moita atención ó estudio das vocais átonas postónicas, que son pronunciadas de maneira marcadamente diferente do español. Aínda que este non sexa un problema de sistema senón de norma, como Kabatek ben nota, constitúe un feito fonético moi relevante para diferencia-la pronuncia dos galegofalantes da pronuncia interferida polos modelos españois. Para operar con datos empíricos, Kabatek realizou análises acústicas das vocais de sete formas galegas e das súas correspondentes españolas dentro dun texto que tódolos informantes leron tanto en versión galega coma en versión española. Os resultados mostran claramente como os falantes máis castellanizados seguen neste punto unha estratexia diverxente dos galegofalantes ou dos que teñen modelos galegos claros, e realizan unhas vocais postónicas demasiado intensas, demasiado longas e cun ton demasiado elevado en relación coa intensidade, duración e ton da vocal tónica precedente (p. 96ss). Tamén constata un comportamento fonético esencialmente idéntico na lectura do texto en galego e en español, i.e., unha falta de diferenciación fónica entre ambas linguas, de maneira que a realización do texto galego resulta moi castellanizada nos falantes con modelos baseados no castelán mentres que o texto en español é lido con fonética galega polos que teñen modelos galegos claros. Distingue así Kabatek dúas normas fónicas que en xeral se corresponden con falantes de orixes diferentes, unha fortemente castellanizada e outra baseada na fonética do galego (p. 108).

A seguir trata do consonantismo, con estudio particularizado das interferencias relacionadas coa nasal velar [ŋ] (p. 113-117), das consideracións explícitas e implícitas que os falantes fan sobre a gheada (p. 117-121) e tamén do tratamento dos grupos consonánticos nos cultismos (121-125). Neste último punto tanto o encadramento da cuestión coma as consideracións xerais son acertadas, pero deberíamos sinalar algunhas cuestións de detalle. O autor

parece estrañarse de que a adaptación inventada **concente* non só sexa considerada imposible senón que mesmo provoque dificultades de comprensión, tendo en conta que o grupo [sθ] debería presentar problemas de pronuncia para moitos galegos. Un falante con seseo podería, tal vez, adaptar esta forma como **consiente*, pero outro con [θ] non debería ter problemas con ese grupo, presente tamén noutras voces populares como *escintilar* ou *descinguir* e en numerosos cultismos; en cambio calquera falante galego nun rexistro non formal trataría de evita-lo grupo [ɲs] en final de sílaba reducíndoo a [s], co que o resultado en todo caso sería **cosciente*. Daquela a forma proposta **concente* non segue as pautas de adaptación normais no galego, o que leva a que de primeiras non sexa recoñecida por moitos falantes. Outra cousa é o caso de *dialeuto*, que segue unha adaptación que se produciu en estadios xa pasados da lingua e do que quedan aínda restos, como en *reuto* ‘recto, estricto’ ou no *doutor* (semicultismo aceptado no estándar) mencionado no texto. A consideración como “inventado”, “inauténtico”, “artificial”, como correctamente aprecia Kabatek, procede da ausencia de tal forma na lingua real. A adaptación actual desta forma en rexistros informais é *dialeto*, con supresión da oclusiva implosiva.

Outra cuestión tratada brevemente é o “yeísmo”, un fenómeno do que non se fala pero que está moi estendido. Con todo, cremos que a interpretación deste fenómeno como “die Neutralisierung des Phonems /k/ mit dem Halbkonsonanten [j]” (p. 121) non parece correcta nin conceptualmente nin tampouco textualmente, e trátase seguramente dun erro inadvertido.

Nos epígrafes seguintes estúdiáanse outras cuestións de gramática e léxico, empezando por certos aspectos do verbo (a perífrase *ter* + participio, a expresión da futuridade, o infinitivo conxugado, o emprego do verbo *sentar* como pronominal ou non), a colocación do pronome persoal átono, o dativo de solidariedade, o emprego de artigo con nomes de parentesco e en certas expresións fixadas e o emprego ou non do alomorfo *-lo* do artigo. Seguen os apartados dedicados a aspectos léxicos, no que se estudian as formas *intre*, *meirande*, *mercar*, *nembargantes*, *de xeito que*, *co gallo de*, *coído que*, *atopar / encontrar*, *ollar / ver*, *xanela*, *ata / asta*, *vostede / usté*, *mexo*, *carreira*, *acadar* e *curruncho*. En todos estes casos preséntanse os resultados das enquisas con discusión e interpretación das diferentes tendencias observadas, e sobre todo a través deses exemplos móstrase cal é a idea que os informantes teñen das diversas variedades da lingua, sempre en relación coa súa orixe e coa súa competencia **lingüística**.

Como conclusión Johannes Kabatek, aínda que recoñece a existencia dun *continuum* entre as actitudes e situacións duns e doutros falantes, chega a distinguir tres grandes grupos:

1) Falantes co galego como lingua materna e lingua do ambiente, que aprenden a variedade estándar como unha forma nova da súa lingua. A súa pronuncia corresponde co sistema e coa norma común do galego, co único feito notable de que, de se-lo caso, omiten a gheada e o seseo. No léxico presentan castelanismos tradicionais como *Dios*, *calle*, *hasta*, *solo*, *bueno*, *pueblo*, etc., que en moitos casos non son vistos como interferencias. No rexistro formal, orientado ó estándar, aparecen numerosas interferencias do dialecto

orixinal, aínda que se procuran evitar castelanismos coma os citados. En certo modo déixase ver un reparto de funcións entre a variedade estándar e o dialecto propio de cadaquén, reservado para o círculo familiar, onde o estándar é percibido como inadecuado. Apréciase tamén unha resistencia ás formas propostas pola planificación **lingüística** se xa non se conservan na lingua falada polas xeracións máis vellas ou se non están tomadas da fala tradicional. Neste sentido, Kabatek observa: “As fronteiras da planificación **lingüística** parecen encontrarse naqueles casos en que pretende intervir contra a tradición coñecida pola comunidade” (p. 184, trad. miña).

2) Falantes de lingua materna e lingua do ambiente maiormente española que por razóns profesionais ou ideolóxicas falan (en parte) galego e que tiveron que aprendelo como unha lingua nova. Nalgúns casos extremos teñen moi escaso coñecemento do galego e mantéñense practicamente monolingües en español. Kabatek sinala que os problemas que presentan estes falantes son os típicos da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, e que nalgúns casos o grao de interferencia do español, tanto pola proximidade das dúas linguas coma pola falta de modelos auténticos, é extremadamente alto. No aspecto fónico, di o autor, “mostran tódalas interferencias posibles do español” (p. 184), aínda que tamén presentan interferencias e hipercorreccións na morfoloxía e no léxico. Nestes falantes constátase tamén o emprego de formas diferencialistas, como *intre*, *acadar*, *gallo*, *xanela*, pero como traducións das formas españolas correspondentes *momento*, *conseguir*, *motivo*, *ventana*, sen percibir que en galego teñen significacións parcialmente diferentes.

3) Falantes de lingua materna española pero con presenza do galego na infancia e no seu círculo social. Nunha primeira fase seguen un proceso semellante ó descrito no grupo 2, aínda que moitos destes falantes non tiveron dificultades fonéticas á hora de se poñeren a falar galego. Nunha segunda fase buscan afastarse do grupo 2 e integrarse no grupo 1, para o que procuran adaptarse **lingüisticamente** ós membros deste último grupo. Kabatek describe unha serie de técnicas de integración desenvoltas por eses falantes, entre as que cita a incorporación de formas do galego falado que contrastan co estándar, o que leva a incorpora-los castelanismos presentes na fala; estes informantes adoptan mesmo as valoracións que algúns galegofalantes nativos fan das formas propostas no estándar que non teñen correspondencia na fala (como un invento, artificial, etc.).

Da dinámica observada entre os grupos estudados, Kabatek sitúa os falantes do grupo 1 (os de lingua materna galega) na cerna, e cara a eles se orientan decididamente os integrantes do grupo 3. Os falantes do grupo 2 (españolfalantes carentes de modelos galegos) en opinión de Kabatek parecen orientarse cara ós outros dous, pero non se mostra moi claramente esta tendencia.

Pero como moi oportunamente sinala o autor, cómpre distinguir entre intención e actuación, entre as opinións e o desempeño efectivo dos falantes. E así no terreo fónico percibe claramente cómo algúns informantes que declaran aspirar a un galego identificado co dialectal, de feito manteñen a súa pronuncia diferenciada dos falantes do tipo 2, pero tamén do galego popular, a pesar de se mostraren capaces de imitalo en frases-cita: “a identificación coas formas

lingüísticas valoradas como labregas ou rurais ten os seus límites” (p. 188). Asoma así o inicio dunha diglosia interna no galego, substitutiva da diglosia galego-español, como expresión da distancia social entre falantes da variedade estándar e falantes “dialectais”. En todos estes procesos de consolidación da lingua común o papel dirixente, para Kabatek, téñeno por unha parte os galegofalantes con intervención consciente na lingua e orientación polo menos parcial cara ó estándar (grupo 1), e pola outra os neofalantes cun uso consciente e activo do galego (grupo 3); os outros dous grupos, os membros do grupo 2 e os falantes do galego popular, quedan á marxe do proceso.

En resumo, este é ó meu entender un libro imprescindible para coñecer-la situación sociolingüística da Galicia actual, no que se estudian non magnitudes abstractas senón variedades da lingua, a valoración que os falantes fan doutras variedades e do estándar, as traxectorias lingüísticas e a competencia dos representantes de diferentes grupos de falantes, e todo iso de maneira interrelacionada. No centro de interese están cuestións coma a constitución da variedade estándar, o grao de aceptación desas propostas e as tendencias dominantes en sectores moi significativos dos falantes galegos (os falantes conscientes), os diferentes modelos lingüísticos que están a funcionar na sociedade actual ou que están a formarse, os inicios dunha nova diglosia interna, e outros aspectos do maior interese. Sería moi recomendable que, para salva-lo obstáculo que para moitos galegos supón a lingua alemana, se publicase axiña unha tradución á nosa lingua. Porque este libro, ademais do seu valor intrínseco, pode (debería) se-lo primeiro paso nun camiño novo que se abre á lingüística galega e que promete axudarnos dunha maneira eficaz a comprendérmo-la nosa realidade lingüística, o que resulta imprescindible se queremos actuar sobre ela.

XOSÉ LUÍS REGUEIRA